

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027770	IES A Sardiñeira	A Coruña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua galega e literatura II	2º Bac.	3	87

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	10
4.1. Concrecións metodolóxicas	41
4.2. Materiais e recursos didácticos	42
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	43
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	44
6. Medidas de atención á diversidade	46
7.1. Concreción dos elementos transversais	46
7.2. Actividades complementarias	48
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	48
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	50
9. Outros apartados	51

1. Introducción

A materia de Lingua Galega e Literatura no bacharelato, como na ESO, ten como obxectivo xeral o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, para que, a través dela, as alumnas e os alumnos poidan interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que formarán parte da súa vida. Ademais contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, tal e como recolle o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato: oriéntase tanto á eficacia comunicativa na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal, como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e a igualdade de dereitos de todas as persoas.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician. En consecuencia, a lingua é unha das ferramentas fundamentais que vai utilizar o alumno/a:

- Para relacionarse en sociedade e achegarse a outros pobos e culturas, é dicir, para a comprensión e posta en valor da realidade plurilingüe en que nos movemos ou, como sinala o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, para o recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal de Galicia, da Península Ibérica e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de aprecio por esa diversidade, combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e estimular a reflexión interlingüística e sociolingüística.

Este é o primeiro dos obxectivos, vinculado ao primeiro dos catro bloques en que se distribúen os criterios de avaliación e os saberes básicos, «As linguas e os seus falantes».

- Para analizar criticamente a información e xerar e difundir ideas e opinións, é dicir, para unha aprendizaxe instrumental ou, como sinala o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, para a produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional.

Así o recollen os obxectivos dous, tres, catro, cinco e seis, vinculados ao segundo dos bloques da materia, «Comunicación».

- Para expresar a súa afectividade e regular as súas emocións a través da lectura, servíndose da literatura como fonte de pracer e enriquecemento persoal ou, como sinala o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, a respecto da competencia literaria, para desenvolver unha maior capacidade de abstracción e sistematización, así como o manexo dunha metalinguaxe específica que permita unha aproximación máis reflexiva aos usos orais e escritos a través de dúas modalidades de lectura guiada e autónoma.

Así o recollen os obxectivos sete e oito, vinculados ao terceiro bloque da materia, «Educación literaria».

- Para reflexionar sobre o funcionamento da lingua, é dicir, para a aprendizaxe formal da propia lingua ou, como sinala o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, para abordar a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación, establecendo unha relación entre coñecemento gramatical explícito e uso da lingua, a partir da reflexión e da comunicación de conclusións coa metalinguaxe adecuada.

Este á o noveno dos obxectivos, vinculado ao cuarto bloque da materia, «Reflexión sobre a lingua».

- Para desenvolver unha ética da comunicación, como sinala o Decreto 157/2022, do 15 de setembro. Este é o décimo obxectivo, transversal a todos os anteriores, polo que debemos procuralo nos catro bloques da materia.

Esta Introducción, así como a presente Programación Didáctica, ten como marco legal de referencia o cap.IV da LOE 2/2006, refundido na LOMLOE, e o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato.

Neste curso non podemos vivir alleos á realidade do noso alumnado que, en xuño, se terá que enfrontar a unhas probas de prelación como son as ABAU, con repercusión no seu futuro profesional, o cal condiciona que se incida máis ou menos no desenvolvemento de determinados aspectos da programación.

O IES A Sardiñeira é un centro público que se atopa na periferia da cidade da Coruña, entre o tradicional barrio dos Mallos, o novo barrio de Vioño, a estación de tren e preto do polígono de Agrela.

No conxunto do alumnado apréciase unha clara diferenza entre o alumnado de ciclos, galegofalante espontáneo nunha alta porcentaxe e o da ESO e Bacharelato, castelán-falante cando menos no ámbito escolar. Para a docencia da nosa materia evidénciase un coñecemento cada vez menor do léxico patrimonial mentres que estes alumnos e alumnas poden adquirir sen maiores problemas destrezas gramaticais. Unha porcentaxe non desprezable do seu alumnado, sobre todo nos primeiros cursos da ESO, é de orixe estranxeira: asiática, africana e latinoamericana. Con isto, atopamos en cada curso alumnado que, ben comezou a súa escolarización xa iniciada a primaria, ben comezou os estudos secundarios con dous anos de exención en Lingua Galega.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e a riqueza dos bloques e áreas dialectais do galego, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.	1-5	2-3				1-2		1
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.	2	2	1	2-3	40	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2		
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade, para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	40	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	50	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, cun punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.	3			1-2-3-4	40	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	11			2-31-32
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-31-32-42
OBX9 - Consolidar e afondar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.	1-2	2	1-2		50			
OBX10 - Pór as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.	1-5	3		3	31	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	AVALIACIÓN INICIAL	As primeiras sesións desta unidade están destinadas á realización dunha avaliación inicial para ver os coñecementos de Lingua Galega e Literatura que posúe o alumnado.	1	2	X		
2	UNIDADE 1	<p>Veranse as unidades comunicativas: texto e enunciado e tamén as propiedades textuais (coherencia, cohesión, adecuación e informatividade).</p> <p>Abordarase a literatura galega do primeiro terzo do século XX (de 1916 a 1936): As Irmandades da Fala, a revista Nós e o Seminario de Estudos Galegos.</p> <p>Traballarase na aula lecturas desta época. Elaboración de comentarios críticos de carácter expositivo/argumentativo atendendo ao uso axeitado das formas verbais como procedementos de cohesión do texto, á corrección lingüística, aos signos de puntuación e á revisión ortográfica e gramatical deste.</p> <p>Detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatalos.</p> <p>Estudo da Fonética e da Fonoloxía do galego. Verase a caracterización dos fonemas vocálicos e consonánticos.</p>	10	9	X		
3	UNIDADE 2	<p>Estudarse a poesía galega de vangarda. Haberá lecturas sobre a obra de diferentes poetas da época de vangarda, estableceranse vínculos entre estas obras e outras de actualidade.</p> <p>O alumnado elaborará comentarios críticos de carácter expositivo/argumentativo atendendo ao uso axeitado das formas verbais como procedementos de cohesión do texto, á corrección lingüística, aos signos de puntuación e á revisión ortográfica e gramatical deste.</p> <p>Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Desvíos da norma</p> <p>Estudarse a clasificación das sílabas; así como os conceptos de ditongo, tritongo e hiato. Máis tarde abordarase os conceptos de acento e entoación.</p> <p>Haberá unha aproximación ao estudo das linguas da Península Ibérica. Estudaranse as semellanzas e diferenzas lingüísticas e</p>	10	9	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	UNIDADE 2	discursivas máis salientables entre estas linguas, contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais.	10	9	X		
4	UNIDADE 3	Trataranse as características da argumentación oral formal e o alumnado deberá realizar un discurso deste tipo sobre un tema de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias deste xénero discursivo e debe facelo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais. Estudarse a prosa do primeiro terzo do século XX e, nomeadamente, o Grupo Nós. Tamén se abordará o teatro no primeiro terzo do século XX. Seleccionaremos obras do Grupo Nós e leranse algúns fragmentos daquelas máis representativas nas que poidan compartir a súa experiencia lectora. O alumnado elaborará comentarios críticos de carácter expositivo/argumentativo atendendo ao uso axeitado das formas verbais como procedementos de cohesión do texto, á corrección lingüística, aos signos de puntuación e á revisión ortográfica e gramatical deste.	12	9	X		
5	UNIDADE 4	Comezarse a unidade abordando o concepto de variedade estándar, como foi a súa fixación e cal foi o proceso de normativización do galego moderno. A seguir, ensinaranse estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística. Continuarase co estudo dos xéneros discursivos do ámbito social. Reflexionarase sobre o que son as fake news nas redes sociais ou noticias falsas. Estudarse a poesía entre 1936 e 1976 (Xeración do 36, Promoción de Enlace e Xeración das Festas Minervais) e a prosa entre 1936 e 1976 (a narrativa e o ensaio). Esta é tamén unha unidade de introdución á semántica. Veranse os conceptos de significado, denotación e connotación; así como os diversos tipos de significado que existen (léxico, categorial, instrumental, sintáctico ou estrutural e óntico). Estudarse a estrutura e as clases de palabras, a formación de palabras, as familias léxicas e os desvíos léxicos.	12	10		X	
6	UNIDADE 5	Abordarase a presenza que ten o galego nos medios de comunicación contrastando diferentes xornais existentes, tanto en formato dixital coma impreso e tamén se	10	9		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	UNIDADE 5	<p>fará unha análise da súa concorrencia nas redes sociais.</p> <p>Estudaranse as características dos textos académicos e a súa tipoloxía.</p> <p>Estudo da Nova Narrativa Galega, obras, autores, tendencias e características principais)</p> <p>O alumnado elaborará comentarios críticos de carácter expositivo/argumentativo atendendo ao uso axeitado das formas verbais como procedementos de cohesión do texto, á corrección lingüística, aos signos de puntuación e á revisión ortográfica e gramatical deste.</p> <p>O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas e contexto histórico.</p>	10	9		X	
7	UNIDADE 6	<p>Veranse as principais estruturas textuais (narrativa, expositiva, persuasiva ou dialogada e poética)</p> <p>O alumnado elaborará comentarios críticos de carácter expositivo/argumentativo atendendo ao uso axeitado das formas verbais como procedementos de cohesión do texto, á corrección lingüística, aos signos de puntuación e á revisión ortográfica e gramatical deste.</p> <p>No ámbito literario, estudarase o teatro galego entre 1936 e 1976. O alumnado elaborará unha presentación multimodal na que establecerá vínculos intertextuais entre obras galegas e lusófonas desta época.</p> <p>Estudo das diferentes perífrases verbais do galego; de xeito que ao remate da unidade o alumnado deberá clasificar os distintos tipos de perífrases que hai nun fragmento dun texto teatral do século XX que lle achegará a/o docente.</p>	10	8		X	
8	UNIDADE 7	<p>Tratamento pormenorizado das variedades xeográficas da lingua galega. Estudaranse as características dos tres bloques dialectais e veranse os trazos das áreas de cada un deles.</p> <p>A literatura no exilio entre 1936 e 1976 (poesía, prosa e teatro). O alumnado lerá unha peza teatral e/ou fragmentos de diversas obras teatrais pertencente á literatura galega do exilio. Establecerán vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.</p> <p>Repaso breve do que son as unidades e funcións sintácticas (a frase e a oración).</p>	12	9			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	UNIDADE 7	Continuando co estudo da sintaxe iniciado no curso anterior, nesta unidade estudaranse todos os tipos de unidades e estruturas sintácticas, con especial atención ás oracións compostas por subordinación (subordinadas substantivas, subordinadas adxectivas ou de relativo, subordinadas adverbiais).	12	9			X
9	UNIDADE 8	Continuarase co estudo dos xéneros discursivos do ámbito social. Estudarase a entrevista como exemplificación dun xénero discursivo característico dos medios de comunicación. Estudarase a poesía e a prosa de 1976 á actualidade. O alumnado será avaliado da lectura dunha novela do século XXI na que terá que establecer conexións con outras obras da tradición literaria galega que vimos neste curso. O alumnado elaborará comentarios críticos de carácter expositivo/argumentativo atendendo ao uso axeitado das formas verbais como procedementos de cohesión do texto, á corrección lingüística, aos signos de puntuación e á revisión ortográfica e gramatical deste. Localizará as funcións sintácticas en oracións compostas por subordinación, a partir de exemplos achegados pola/o docente. Características lingüísticas do galego de 1936 a 1978.	12	9			X
10	UNIDADE 9	O alumnado valorará o contido e a forma de textos científicos avaliando a súa calidade e fiabilidade. Abordarase o estudo do teatro de 1976 á actualidade. As/os estudantes analizarán os elementos constitutivos do teatro desta época. O galago a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais e contexto histórico. O alumnado elaborará comentarios críticos de carácter expositivo/argumentativo atendendo ao uso axeitado das formas verbais como procedementos de cohesión do texto, á corrección lingüística, aos signos de puntuación e á revisión ortográfica e gramatical deste. Confeccionarán de xeito individual un pequeno proxecto no que dean conta da literatura estudada. Os tres terzos do	10	8			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
10	UNIDADE 9	século XX e as dúas décadas do século XXI: autores, etapas, movementos, tendencias... Actividades de repaso e asentamento arredor dos contidos gramaticais e sintácticos traballados ao longo do curso.	10	8			X
11	AVALIACIÓN FINAL	Probas obxectivas globais e finais para determinar o nivel dos contidos acadados polo alumnado. Contidos relativos a todos os bloques traballados ao longo do curso: literarios, dialectolóxicos, morfolóxicos, semánticos, sintácticos, produción textual e sociolingüística.	1	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	AVALIACIÓN INICIAL	2

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos.	PE	40
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorpora procedementos para enriquecer os textos.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Utiliza estratexias para a resolución dialogada dos conflitos.	TI	60
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais extensas e nas que se recollan diferentes puntos de vista, con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e facelo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza exposicións e argumentacións orais formais.		
CA3.7 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explica e argumenta a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística e sociolingüística. - Indagación e explicación dos conceptos de norma culta e estándar, atendendo á súa utilidade e á súa diversidade na lingua galega. - Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos. - Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica, contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais. - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter formal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto. - Produción oral formal: planificación e procura de información, redacción e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo da exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto. - Produción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto. - Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado. - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.

UD	Título da UD	Duración
2	UNIDADE 1	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuizos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	Cuestiona e refuta prexuizos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua.	PE	40
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Distingue as unidades comunicativas e aplica con corrección as propiedades textuais (coherencia, cohesión, adecuación e informatividade).		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Resolve conflitos de forma dialogada.	TI	60
CA3.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Interpreta fragmentos de obras do primeiro terzo do século XX (de 1926 a 1936).		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluíndo o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Elixe e le de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada.		
CA3.8 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identifica e evita os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos.		
CA4.4 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.	Elabora e presenta os resultados de pequenos proxectos de investigación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego. - Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística e sociolingüística. - Indagación e explicación dos conceptos de norma culta e estándar, atendendo á súa utilidade e á súa diversidade na lingua galega. - Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos. - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter formal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto. - Produción oral formal: planificación e procura de información, redacción e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo da exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación

Contidos

- oral argumentada.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto.
- Produción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.
- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.
- Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias.
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta en soporte analóxico e dixital para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
3	UNIDADE 2	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos destas linguas en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros.	Recoñece e valora as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos destas linguas en manifestacións orais, escritas e multimodais.	PE	50
CA2.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorpora procedementos para enriquecer os textos.		
CA2.7 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorpora procedementos para enriquecer os textos.		
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	Cuestiona e refuta prexuízos e estereotipos lingüísticos.	TI	50
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identifica e desterra os usos discriminatorios da lingua.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Utiliza estratexias para a resolución dialogada dos conflitos.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora a forma e o contido de textos orais.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística e sociolingüística.
- Indagación e explicación dos conceptos de norma culta e estándar, atendendo á súa utilidade e á súa diversidade na lingua galega.
- Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos.
- Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica, contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais.
- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.
- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter formal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, redacción e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo da exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto.
- Produción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
<ul style="list-style-type: none"> - As linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego. - Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística e sociolingüística. - Diferenzas entre os trazos propios das variedades dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) e os relativos aos sociolectos e os rexistros. - Indagación e explicación dos conceptos de norma culta e estándar, atendendo á súa utilidade e á súa diversidade na lingua galega. - Os medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística. - Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos. - Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica, contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais. - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter formal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto. - Produción oral formal: planificación e procura de información, redacción e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo da exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto.

Contidos

- Producción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Selección das obras relevantes, incluíndo o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas.
- Participación activa no circuito literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.
- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias.
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

Contidos

- A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).
- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta en soporte analóxico e dixital para obter información gramatical de carácter xeral.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No relativo á metodoloxía, a situación da sociedade multilingüe e plural na que vivimos demanda un enfoque de carácter plurilingüe e intercultural, cuxa finalidade sexa retirar as barreiras artificiais entre as linguas, polo que esta debe considerar a aprendizaxe de todas as linguas e culturas de xeito transversal e integrador no seu ensino e na súa aprendizaxe. De aí que botemos man do Tratamento Integrado das Linguas (TIL), para estimular non só a reflexión interlingüística, senón tamén a aproximación aos usos sociais reais, en que a miúdo se han de manexar simultaneamente dúas ou máis linguas.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio e diferentes situacións de partida para cada lingua. Non se pode obviar a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe da nosa lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que é necesario desmontar e superar. Deste xeito, o TIL parte da lingua propia de Galicia para fomentar un plurilingüismo inclusivo ao servizo da normalización do galego.

Non esquezamos que se aínda somos galegos é por obra e graza do idioma, como dicía Castelao. A lingua é a creación colectiva máis importante do pobo galego. Por iso, a súa normalización e preservación, é unha responsabilidade común. Desde a escola pódese facer moito para conservar ese ben cultural pero non podemos esquecer que é a sociedade, no seu conxunto, a que decide sobre as linguas que quere usar. A normalización lingüística é un proxecto de gran complexidade que excede o ámbito docente e, por suposto, a responsabilidade da materia de lingua galega e literatura; pero desde a nosa materia, como docentes dunha lingua minorizada, temos a obriga de insistir no porqué da situación social da lingua propia de Galicia e non só en como funciona esa lingua. Mediante o diálogo intercultural pónense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son:

- o recoñecemento do outro como lexítimo,
- o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas,
- a aceptación da diversidade persoal, social e cultural,
- o respecto dos dereitos fundamentais.

Partindo das aprendizaxes previas adquiridas, a través de operacións e percepcións concretas na Educación Primaria e a través do desenvolvemento de operacións formais e de razoamentos lóxicos e conceptuais na ESO, o Bacharelato ten como finalidade proporcionar formación, madureza intelectual e humana, coñecementos, habilidades e actitudes que permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e aptitude. Así mesmo, esta etapa deberá permitir a adquisición e o logro das competencias indispensables para o futuro formativo e profesional, e capacitar para o acceso á educación superior.

Por outra parte, a actividade construtiva da alumna/o é o factor decisivo na realización das aprendizaxes escolares. É o alumno/a quen modifica e reelabora os seus esquemas de coñecemento, construíndo a súa propia aprendizaxe. A aprendizaxe dunha lingua progresa en espiral, o que significa que a adquisición de novas habilidades debe ir paralela ao mantemento e á activación das dos cursos anteriores, pois sobre elas se asenta. Neste proceso o profesorado actuará como guía e mediador para facilitar a construción desa aprendizaxe. O profesorado ha de proporcionar oportunidades para poñer en práctica eses novos coñecementos.

Polo que o proceso de ensino ha de estar presidido pola necesidade de garantir a funcionalidade desas aprendizaxes,

que non só son construción de coñecementos senón tamén desenvolvemento de habilidades e estratexias de planificación da propia actividade de aprendizaxe. Será preciso integrar na práctica da aula tanto procedementos e as actitudes como os conceptos, necesarios todos para o desenvolvemento competencial do alumnado.

En consecuencia, pretendemos, reforzar os aspectos prácticos, polo tanto, cómpre poñer especial atención na oralidade e nas competencias activas: aproveitar os recursos que ofrece a biblioteca, o ENDLG, o concello, así como fomentar as tecnoloxías da información e da comunicación, fomentar a investigación en grupo e o traballo colaborativo do alumnado. Polo que valoramos moito a participación do noso alumnado nas actividades que lles propoñemos (asistencia a representacións teatrais e á presentación de libros, asistencia a xornadas sobre a memoria histórica ou a obradoiros de boktoobers, produción de artigos arredor das súas lecturas ou de crónicas arredor das actividades nas que participan, realización de lecturas públicas...

En resumo, estas son as liñas metodolóxicas que imos seguir:

- Fomentar a participación, a reflexión, tanto individual como grupal.
- Operar non só sobre o concreto, senón tamén sobre conceptos, ideas.
- Fomentar a formulación de hipóteses.
- Buscar, seleccionar e tratar a información.
- Fomentar a confrontación clara e respectuosa.
- Insistir na ordenación, comparación e xerarquización das ideas.
- Elaborar percorridos ordenados desde a formulación da hipótese até a comprobación dos resultados.
- Expresar correcta, clara e ordenadamente os resultados.
- Comprobar a aprendizaxe noutros contextos diferentes ao utilizado.
- Relacionar os saberes aprendidos nas distintas materias.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto: Lingua Galega e Literatura 2º bacharelato, Nieto Pazo, A. et Troitiño Fraiz, X. editorial Anaya (2023).
Libros de lectura obrigatoria
Antoloxía de textos ao servizo da lectura guiada na aula.
Listado de lecturas recomendadas para a lectura autónoma.
Recursos almacenados na Aula Virtual de LGL do IES A Sardiñeira
Fotocopias /fichas/ cadernos de apoio
Páxinas web (recursos lingüísticos na rede)
Publicacións periódicas en galego
Materiais audiovisuais (vídeos, presentacións...)
Publicacións escritas (avisos, notas, anuncios...)
Aplicacións informáticas para crear mapas mentais, nubes de palabras, liñas temporais, escrita colectiva
Audios e/ou vídeos creados polo profesorado/alumnado

As aulas e a biblioteca son os lugares en que o alumnado ten ao seu alcance a maioría dos recursos e materiais do centro (pantalla dixital, canón, computador fixo, computadores portátiles, conexión á Internet, encerado dixital e impresora 3D).

A biblioteca ofrece, ademais de obras de lectura, libros de texto, mapas, revistas, xornais, recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación etc. (computadores, impresoras, mesas e cadeiras apropiadas...)

Outros recursos didácticos:

- Aulas Galegas: <https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/>
- Dicionario castelán-galego, Rinoceronte Editora: <https://rinoceronte.gal/dicionario/>
 - Dicionario da Real Academia Galega: <http://www.realacademiagalega.org/dicionario#inicio.do>
- Dicionario de pronuncia da lingua galega: <http://ilg.usc.es/pronuncia/>
 - O Portal das Palabras, Real Academia Galega e Fundación Barrié: <http://www.portaldaspalabras.org/>
 - O ximnasio dos verbos: https://www.lingua.gal/recursos/para-aprender-o-galego/_aprendelo/contido_0123/ximnasio-dos-verbos
 - Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia: <http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso.

Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico da alumna ou alumno no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

Esta proba, que poderá partir dun texto literario, xornalístico etc. constará das seguintes partes:

- Comprensión oral. O alumnado deberá responder, a partir da escoita ou visionado dun audio ou vídeo, a preguntas sobre o seu contido.

- **Comprensión e produción escrita.** Avaliación da comprensión e expresión escrita a través da realización dunha proba, que consistirá na proba completa ou parte (comentario crítico dun texto) da proba ABAU realizada na convocatoria ordinaria ou extraordinaria de 2023, se ben non serán tidos en conta os contidos específicos da Historiografía da Literatura ou da Historia da Lingua. Tamén servirá para avaliar a conciencia cultural do alumnado. O alumnado deberá contestar a preguntas pechadas sobre o contido dun texto escrito.

- **Produción oral.** O alumnado realizará intervencións orais a respecto dos contidos e/ou temática do audio ou vídeo proposto.

Acabada a avaliación inicial, esta servirá de punto de partida para a primeira das secuencias didácticas, que xira arredor da Comunicación. Ademais, segundo os resultados acadados polo alumnado, proporanse na Xunta de Avaliación as estratexias que imos seguir. Estas deberán pasar polos seguintes pasos:

1. Entrevista ca alumna/o ou co grupo de alumnos/as que deban recibir de forma individual ou conxunta medidas de apoio e/ou reforzo, buscando a implicación e colaboración dos mesmos e procurando espertar a súa curiosidade e o seu interese cara o seu propio proceso de aprendizaxe.
2. Reunión co resto do profesorado do alumno/a para acordar medidas de reforzo conxuntas, especialmente co profesorado das Linguas, na procura dun tratamento integrado das mesmas.
3. Información á familia do alumnado, procurando a súa participación na evolución do proceso educativo da súa filla/o, buscando a súa colaboración nas medidas de reforzo que poidan posibilitar o seu progreso educativo a través do desenvolvemento de hábitos de traballo adecuados.
4. Proposta de tarefas de reforzo que incidan de xeito individual na resolución dos problemas de aprendizaxe que cada un presente ou proposta dunha tarefa conxunta se for o caso.
5. Incidir na Lectura como un instrumento básico de aprendizaxe, procurando a través dela o desenvolvemento de todas as competencias clave.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	1	10	10	12	12	10	10	12	12	10
Proba escrita	40	40	50	45	60	70	65	60	90	55
Táboa de indicadores	60	60	50	55	40	30	35	40	10	45

Unidade didáctica	UD 11	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	1	100
Proba escrita	100	60

Unidade didáctica	UD 11	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	1	100
Táboa de indicadores	0	40

Cráterios de cualificación:

Tendo en conta que o curso de 2º Bacharelato se comporta realmente como un curso propedéutico para acceder á formación superior, especialmente á universitaria a través da ABAU, resulta evidente que esa proba externa, ao final do curso académico, condiciona os obxectivos, a metodoloxía e a avaliación por competencias; pois debemos ter en conta as indicacións dadas pola CIUG .

Os exames ou probas de coñecemento que faga o alumnado suporán un 90% coa posibilidade de facer, a criterio da docente, dous ou máis parciais cuxo resultado final sexa o devandito 90%. Para que faga media co resto de cualificacións o alumnado ten que superar o 30 % da nota do exame.

Este 90% estará distribuído da maneira que sinalamos a continuación: 50% contidos gramaticais, 20% contidos de sociolingüística e 20% contidos literarios.

Así mesmo o libro de lectura ou as probas de produción textual propostas para cada avaliación contarán un 10% da cualificación total.

Aquel discente que copie en traballos ou probas escritas, estas serán valoradas cun 0 e suspenderán a avaliación correspondente con independencia das notas obtidas nela.

Será de rigor unha correcta expresión tanto oral como escrita na nosa lingua. Polo tanto, nas probas que se realicen ao longo das sesións, nos exames, nos traballos... a puntuación verase afectada polas faltas de ortografía, expresión e redacción. Valoraremos a coherencia e a cohesión na construción textual e a adecuación léxico-gramatical. De non se axustar a estes criterios poderanse descontar ata un máximo de 2 puntos.

O baremo que se aplicará para o bacharelato será o seguinte (marcado pola CIUG):

- Por cada erro moi grave (aquele que atente contra o sistema lingüístico): 0,2 puntos.
- Por cada erro grave (solución contraria ás convención ortográficas e á norma lingüística): 0,1 puntos.
- Por cada erro leve (solución discordante co estándar vixente): 0,05.

A cualificación final do trimestre será o resultado da media aritmética (sen decimais, aproximando á unidade segundo o método común de redondeo, cifra decimal inferior a 5 a cifra da unidade queda como está, se o decimal é igual ou superior a cinco á cifra das unidades sumaráselles unha unidade) da nota obtida.

Cualificación final ordinaria do curso:

Para o cálculo da cualificación ordinaria do curso, farase a media aritmética das notas medias dos tres trimestres. O redondeo á alza só se fará no caso en que a nota media final sexa igual ou superior a 75 centésimas. Para acadar o 5 en calquera avaliación, o resultado da proba escrita non será inferior a 3.

O alumnado de bacharelato que no momento de realizar a avaliación ordinaria non tivese superada a materia, no restante período lectivo dedicarase á preparación e á realización dunha proba extraordinaria, que será fixada pola Xefatura de Estudos conforme ao calendario académico. No caso de acadar mediante tal proba obxectiva ou traballo unha cualificación de 5 ou superior, a materia quedará superada na avaliación extraordinaria.

Cualificación extraordinaria:

O alumnado para superar a materia deberá ter unha media aritmética de cualificación de 5 puntos ou superior tendo en conta o conxunto de actividades de avaliación.

Criterios de recuperación:

Agás as excepcións que houber, procuraremos a realización de dúas probas de coñecemento por cada período de avaliación, sen que por sistema haxa recuperación de cada unha delas. A última das probas de cada trimestre será unha proba global na que se avaliarán todos os contidos traballados ata o momento.

Como se comprende que a aprendizaxe da lingua debe de ser progresiva e constante, tamén a avaliación debe ser entendida como continua, de xeito que o alumado poida acadar progresivamente os contidos non superados, todo isto sen que se supoña a repetición da proba. Trátase de seguir desenvolvemento as competencias clave e as destrezas lingüísticas, de realizar tarefas que permitan a mellora das competencias comunicativa e plurilingüe.

No caso de ter suspedido a materia na convocatoria ordinaria, realizarase unha proba co obxectivo de lograr a recuperación. A dita proba levarase a cabo na semana de maio establecida pola Xefatura de Estudos do centro. Para a preparación da proba extraordinaria introduciremos nas dinámicas de aula actividades de apoio, reforzo e recuperación.

6. Medidas de atención á diversidade

Tendo como referencia o sinalado na Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/211, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparen as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, as medidas de atención á diversidade estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias básicas e dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lles impida alcanzar os devanditos obxectivos e a titulación correspondente.

Partindo do proxecto curricular, haberá que realizar as adaptacións necesarias para atender á diversidade do alumnado. Cremos que hai que ter en conta o feito de que as diferenzas de partida que hai entre o alumnado impiden conseguir obxectivos idénticos. Trátase de avaliar o camiño transcorrido desde a avaliación inicial e individual até a avaliación final. Por iso nos servimos das seguintes medidas:

- Flexibilidade nos tempos de entrega de tarefas.
- Atención individualizada fóra das sesións lectivas a través de plataformas dixitais.
- Uso dunha aula de informática para supervisar a navegación pola aula virtual e o desempeño do alumnado coas TICs.
- Sesións extraordinarias de traballo, fóra do horario lectivo, para atender as necesidades dunha alumna/o.
- Deseño de tarefas diversas, adaptadas a distintos ritmos de aprendizaxe.
- Uso de recursos diferentes para achegar os contidos e as explicacións a tod@s.
- Aplicación de diferentes instrumentos de avaliación adaptados ás necesidades do alumnado.
- Incorporación en determinadas secuencias didácticas de actividades de reforzo.
- Uso do traballo de investigación como instrumento favorecedor das técnicas de traballo autónomo que permite a cada alumna/o aplicar o ritmo e a forma de traballo máis axeitada ás súas características individuais.
 - Uso dos comentarios de distintos tipos de textos, con diferentes graos de dificultade, para formar persoas críticas, mellorar a comprensión e a expresión e atender os gustos ou intereses de cada alumna/o.
 - Listaxe de lecturas voluntarias ao servizo da diversidade do alumnado.
 - Deseño de tarefas voluntarias para desenvolver os contidos transversais e o traballo colaborativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora		X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita		X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - Comunicación audiovisual					X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital		X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial				X		X		
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico			X		X	X		X
ET.7 - Educación emocional e en valores				X			X	
ET.8 - Creatividade				X	X		X	
ET.9 - Igualdade de xénero		X					X	X
ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos					X		X	
ET.11 - Pluralidade lingüística		X	X			X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	
ET.3 - Comunicación audiovisual		X	
ET.4 - Competencia dixital	X	X	
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X		
ET.7 - Educación emocional e en valores			
ET.8 - Creatividade			
ET.9 - Igualdade de xénero	X	X	
ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos		X	
ET.11 - Pluralidade lingüística	X		

Observacións:

Ademais dos contidos específicos da materia de LGL, o noso Departamento contribuirá á formación integral do alumnado mediante actividades que desenvolvan aspectos transversais fundamentais para a aprendizaxe en valores esenciais como a igualdade, a responsabilidade, a solidariedade e a tolerancia.

Os temas transversais serán tratados en textos de natureza diversa que serán analizados ao longo do curso e poderán tamén servir de punto de partida para reflexións persoais expostas por escrito ou ben en diálogos e debates orais durante a clase. Tamén se poderá partir doutros materiais audiovisuais que, referíndose ao currículo da nosa materia, teñan relación con algún dos temas transversais.

O profesorado será sempre claro referente na dirección ética axeitada que se deba adoptar en cada caso, sen menosprezo da liberdade de pensamento que, dentro dos límites do razoable, poidan presentar as/os alumnas/os e corraxirá aquelas actitudes e opinións que considere lesivas para os valores expostos no primeiro parágrafo deste apartado ou contrarias aos dereitos humanos.

Un dos obxectivos da nosa área é o desenvolvemento do pensamento crítico do alumnado. Este pensamento crítico debe contextualizarse na realidade da sociedade galega, neste sentido a técnica do comentario crítico, a elaboración de artigos e informes tras a investigación dun determinado asunto na prensa, ponse ao servizo do tratamento dos temas transversais; así como o uso das novas tecnoloxías e a dinamización da vida cultural do centro por parte do alumnado.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Roteiros literarios, relatorios literarios e asistencia ao teatro	Por determinar, segundo a oferta recibida	X		
Semana de Castelao, Día de Rosalía, Entroido	Presentación polas aulas, recitado de poemas, coplas críticas		X	
Día da Letras Galegas	Continuación do espazo web "As letras na Sardiñeira"			X

Observacións:

Cada curso, este Departamento xunto co ENDLG, e en ocasións en colaboración coa Biblioteca, desenvolve as actividades complementarias que se sinalaron arriba, entre outras. As actividades deste Departamento céntranse na investigación arredor da lingua, cultura, historia e tradicións do medio ao que pertence o alumnado.

Ademais, colaboramos co equipo de Igualdade e co de Convivencia e Benestar Emocional polo que participaremos, proporemos e fomentaremos todas aquelas actividades que contribúan a traballar estes elementos do currículo.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
4. Logo de realizarse a avaliación inicial e de recibir a información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso.
9. Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
12. Consegúronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa temporalización.

13. Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e mínimos de consecución
14. Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados foron os adecuados.
23. Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora.
Metodoloxía empregada
2. Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais, como de procedencia.
6. As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles.
8. O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da súa materia como no ámbito das novas tecnoloxías.
15. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
7. Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica.
21. As probas de avaliación foron corrixidas no prazo establecido, entregadas ao alumnado, analizadas e comentadas na clase.
Medidas de atención á diversidade
3. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
6. Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidoras/es, ACS, reforzos.
Clima de traballo na aula
1. Propiciouse un ambiente motivador na aula.
5. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación establecidos.
11. Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro: atención domiciliaria, hospitalización etc., a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas.
20. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula
24. Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
10. Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (EDLG, a Biblioteca, Club de Ciencia etc.).
18. Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, avaliando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo mecanismos de mellora.
19. Analizouse a cualificación do alumnado e valoráronse as porcentaxes de alumnado que superou e non superou a materia.
22. Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino- aprendizaxe das fillas ou fillos.

Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración

efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica.

Os ditos indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 5 e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final.

Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro poderanse utilizar os cuestionarios que lle foron proporcionados ao alumnado, mesmo ao final de cada trimestre e ao remate do curso.

Todos estes datos formarán parte de memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O proceso de avaliación servirá para constatar o nivel de éxito á hora de acadar os obxectivos propostos. Será continuo e aberto e será esencial no proceso de autocorrección dunha programación que é susceptible de ser modificada a partir da experiencia real nas aulas, o que redundará no seu valor formativo. Analizará as deficiencias e logros en todo o proceso de ensino-aprendizaxe e aportará instrumentos útiles para a mellora da dinámica educativa en todos os seus aspectos.

O proceso de avaliación deberá ser abordado en dous niveis complementarios:

a) A avaliación da programación en si, en tanto que é un instrumento pedagóxico.

Trátase de verificar se o dispositivo pedagóxico empregado é adecuado e cales son os aspectos en que se poderían presentar maiores conflitos:

- no nivel de profundidade dos contidos expostos
- na idoneidade da secuenciación dos mesmos
- no nivel de complexidade dos mecanismos empregados no proceso de ensino-aprendizaxe (sobre todo no emprego das TIC)
- na efectividade das actividades e lecturas propostas
- na idoneidade dos materiais curriculares empregados...

A través das reunións de departamento, iranse analizando estas cuestións e realizaranse as modificacións puntuais que se consideren oportunas, neste mesmo curso sempre que for posíbel, ou tomarase nota delas para reformalas de cara aos próximos cursos.

b) A avaliación da interacción do alumnado coa programación

Trátase de avaliar o nivel de resposta do alumnado coa acción pedagóxica e a capacitación deste á hora de avanzar nas diferentes competencias educativas que poida integrar.

- Competencia en comunicación lingüística: a observación das habilidades do alumnado para empregar correctamente a linguaxe, tanto na comunicación oral como na escrita, saber interpretar mensaxes dunha certa complexidade e estar capacitado para emitir xuízos críticos, xerando ideas propias e adoptando decisións persoais.
- Tratamento da información e competencia dixital: as actividades realizadas con axuda das TICs contribuirán notablemente a desenvolver a capacidade do alumnado para obter e procesar información dos novos soportes informáticos, transmitila e transformala en coñecemento. A avaliación desta competencia será fundamental para a

analizar eficacia pedagóxica destas estratexias.

- Competencia social e cidadá: a participación activa do alumnado na aula, fisicamente ou a través da aula virtual, favorecerá a intercomunicación entre o alumnado en tarefas comúns, a capacidade para valorar tanto as opinións propias como as alleas e integrais de maneira coparticipativa nunha única dinámica de ensinanza-aprendizaxe.

- Competencia cultural e artística: En boa parte, os contidos do currículo, fundamentalmente de literatura, abórdanse desde unha perspectiva interdisciplinar, vinculándose a outras expresións artísticas e culturais coas que mantén unha relación directa. Será importante avaliar a capacidade do alumnado para entender, a partir desa visión, o fenómeno da literatura como unha mostra artística integrada no conxunto das manifestacións culturais dunha sociedade determinada. Por outro lado, avaliarase a súa competencia para empregar os recursos propios da expresión literaria en traballos de creación que se irán propoñendo ao longo do curso.

- Autonomía e iniciativa persoal: a procura individual de información, a responsabilidade persoal á hora de discriminala, a capacidade para aportar iniciativas ao grupo, servirán para avaliar esta competencia, para analizar até que punto cada alumno/a é capaz de responder aos retos que se lle presentan á hora de tomar decisións que teñan repercusións na súa contorna pedagóxica (e por extensión, na súa vida).

Finalmente, a elaboración da Memoria Final servirá para concretar a avaliación desta programación didáctica.

9. Outros apartados